

PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

1. – OBXECTO	02
2. – ÁMBITO DE APLICACIÓN	02
3. – DOCUMENTOS DE REFERENCIA	02
4. – DEFINICIÓNS	02
5. – DESENROLO	03
6. – REXISTROS	07

Galicia Calidade, S.A.U. C.I.F.: A-15 522 212 Inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, Tomo 1711, da Sección Xeral, folio 134, folia C-15034

<p>ELABORADO e REVISADO</p> <p>ASINADO: M^a Belén Vidal Piñeiro CARGO: Responsable de Calidade</p>	<p>APROBADO</p> <p>ASINADO: Ana Méndez Gil CARGO: Directora Xerente</p>
--	---



PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

1. - OBXECTO

O presente procedemento ten por obxecto establecer a sistemática de Galicia Calidade, S.A.U. para avaliar a conformidade dos produtos e servizos cos requirimentos establecidos para a concesión e uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito do aplicación do presente documento abrangue ás actividades de verificación (auditorías e ensaios), que sexan necesarias para avaliar a aptitude das empresas e/ou os produtos que soliciten ou ostenten a licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*. O presente procedemento alcanza ás actividades de auditorías e ensaio realizadas aos efectos de concesión e seguimento.

3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- Pregos de Condicións (xerais e específicos) para a concesión e uso da marca de garantía *Galicia Calidade*
- PE 02: Concesión, mantemento, renovación, anulación ou suspensión da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*
- UNE-EN-ISO-9001 *Sistema de xestión da calidade. Requisitos.*
- PE 01 # 01 PLAN DE AUDITORÍA
- PE 01 # 04 INFORME DE AUDITORÍA
- PE 01 # 06 FOLLA DE ACHADOS
- PE 01 # 10 INFORME DE INSPECCIÓN

4. - DEFINICIÓNS

Os termos e definicións que sexan obxecto de dúbida na súa aplicación entenderanse polo expresado a continuación, e, no seu defecto, as definicións aplicables son as contempladas na norma UNE-EN-ISO-9000 *Sistema de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.*



PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

Verificación: confirmación mediante evidencia obxectiva de que se cumpren os requirimentos especificados.

Auditoría: proceso sistemático, independente e documentado para obter "evidencias da auditoría" e avalialas de maneira obxectiva co fin de determinar o grao de cumprimento dos requirimentos para a concesión e uso da licenza de uso de marca de garantía *Galicia Calidade*. Se o obxecto da mesma é a concesión da licenza de uso da marca denominase "Auditoría de concesión", se o obxecto é o seguimento denominase "Auditoría de seguimento".

Inspección: avaliación da conformidade por medio da observación e ditame, acompañada cando sexa necesario por medición, ensaio/proba ou comparación con patróns.

Evidencia obxectiva: datos que apoian a existencia ou veracidade de algo.

Achados de auditoría: evidencia obxectiva de incumprimento real ou potencial dun requirimento. Estes poden clasificarse nas categorías de: *Non Conformidade, Desviación, ou Comentario*.

Non conformidade: falta de cumprimento de carácter maior respecto dos requisitos especificados para a concesión ou uso da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*. Require dunha acción correctiva.

Desviación: non conformidade de carácter menor respecto dos requisitos especificados para a concesión ou uso da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*. Require dunha corrección.

Comentario: aspecto que pode derivar en un incumprimento, ou situación indesexable. Tamén se consideran comentarios aqueles achados relevantes reflectidos na auditoría, que non precisen de *acción correctiva*.

Acción correctiva (correctora): acción tomada para eliminar as causas dunha non conformidade detectada ou outra situación indesexable.

5. - DESENROLO

5.1. – Auditorías

As auditorías poderán ser de *concesión* ou de *seguimento*. O alcance das primeiras deberán cubrir todos os procesos, produtos e instalacións obxecto de certificación. Cando o alcance non abranxa todos os aspectos



PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

deberá xustificarse e avaliar se a auditoría é dabondo para decidir sobre a certificación. Nas auditorías de seguimento o alcance das mesmas non ten que abranguer a totalidade, non obstante, as auditorías de seguimento realizadas durante o período de vixencia da licenza de uso, deberán cubrir entre todas ao menos o mesmo alcance que para unha de concesión.

5.1.1. – VISITA PREVIA

Esta é potestativa do auditor, que a realizará cando o considere necesario para aclarar os aspectos necesarios para realizar a auditoría. O auditor emitirá un "*informe de visita previa*" onde reflectirá o alcance das actividades realizadas, e as observacións atopadas.

5.1.2. – PLAN DE AUDITORÍA

O auditor/auditor xefe comunicará á empresa, coa antelación suficiente e, ao menos, con dous días de antelación, un plan que contemple os seguintes aspectos:

- Data de realización da auditoría, e hora aproximada de inicio e fin.
- Obxectivo da auditoría.
- Alcance:
 - Produtos
 - Instalacións
 - Procesos, etc.
- Cando proceda, seguimento das AACC de anteriores auditorías.
- Equipo auditor.
- Criterio de auditoría: onde se relacionarán as normas e referenciais, contra os que se realizará a mesma.
- Observacións: onde se indicará, cando fose necesario, a axenda de auditoría, indicando os responsables das áreas da empresa cuxa presenza sexa necesaria durante a auditoría.

O formato do Plan de Auditoría é o PE 01 # 01 *Modelo de plan de auditoría*.

5.1.3. – REALIZACIÓN DA AUDITORÍA

Realizarase unha Reunión Inicial entre o equipo auditor e o responsable/s da empresa auditada. Nesta reunión o auditor xefe explicará os obxectivos da auditoría, o seu alcance, e revisarase o plan de auditoría, e a axenda.



PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

A realización da auditoría consiste en verificar, mediante exame e observación de evidencias obxectivas, que se cumpren de xeito eficaz os requirimentos esixidos aos produtos e empresas solicitantes da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

Cando o auditor topase algunha evidencia de non conformidade ou desviación deberá comunicarllo inmediatamente ao auditado, para a súa aclaración e investigación. Estas evidencias deberán reflectirse na Folla de Achados cuxo formato é o PE 01 # 06 *Folla de achados*. A redacción do achado de auditoría consistirá na descrición da evidencia obxectiva de maneira clara, lexible, e detallada dabondo, para que poda ser entendida por terceiras persoas que a lean. Consignarase na folla de achados o requirimento incumprido, a categoría da mesma (*non conformidade, desviación, comentario*), e a sinatura do auditor e do auditado que a acepta.

Verificarase tamén a implantación das accións correctoras orixinadas por non conformidades de auditorías anteriores. No caso dunha implantación correcta das mesmas, procederase ao peche das non conformidades orixe. De non ser así, pediráselle á empresa a implantación dunha nova acción.

Unha vez rematada a auditoría realizarase unha reunión final, entre o equipo auditor e o/os responsables da empresa auditada. Nesta reunión leranse os achados de auditoría atopados e as observacións oportunas.

5.1.4. – INFORME DE AUDITORÍA

O informe da auditoría é o resultado da mesma, e serve para comunicarllo ao auditado; tamén serve de base para a decisión sobre a certificación ou renovación das licenzas de uso. A realización do informe da auditoría será responsabilidade do auditor xefe. Realizarase unha vez rematada a auditoría, e no mesmo consignaranse:

- Nome da empresa
- Tipo de auditoría
- Data de realización
- Obxectivo
- Alcance definitivo:
 - Produtos
 - Instalacións
 - Procesos, etc.
- Equipo auditor



PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

- Criterio de auditoría
- Observacións: onde se indicarán as circunstancias relevantes da auditoría, tales coma as variacións ao alcance da auditoría, aclaracións, oportunidades de mellora detectadas, e outros aspectos que ao xuízo do auditor sexa oportuno destacar.
- Achados de auditoría: transcribíranse as follas de achados atopadas durante a auditoría.
- Conclusións: indicáranse as conclusións da auditoría, solicitando, cando proceda, á empresa auditada as Accións Correctivas e Correccións necesarias para remediar as non conformidades e desviacións atopadas. Tamén indicará, atendendo á natureza e gravidade das non conformidades, os prazos para a presentación de ditas accións correctivas, así como o seguimento para a súa verificación, incluso a necesidade dunha nova auditoría. Por regra xeral, indicárase un prazo para a recepción das AACC non superior aos 3 meses.
- Anexos: acompañaranse como anexo ao informe as copias das follas de achados.
- Acuse de recibo

O formato do Informe de Auditoría é o PE 01 # 04 *Modelo de informe de auditoría*.

Faranse ao menos dúas copias asinadas polo auditor xefe, unha delas remitirase á empresa auditada, e outra quedará arquivada en Galicia Calidade, S.A.U.

5.2. – INSPECCIÓN

Dentro das actividades de verificación, e complementarias ás auditorías encóntranse as inspeccións. Estas realizaranse aos procesos ou produtos, e levaranse a cabo tanto no mercado final coma nas instalacións da empresa auditada. Cando sexa necesario empregárase un laboratorio externo para a realización de ensaios e análises.

Levaraas a cabo GALICIA CALIDADE, S.A.U., sempre que o auditor/auditor xefe correspondente o estime necesario, e sen previo aviso ás empresas licenciarias. Estas poderán realizarse durante unha visita de auditoría.



PE 01: ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN, MANTEMENTO E RENOVACIÓN DA LICENZA DE USO

Os resultados destas inspeccións terán o mesmo tratamento que os achados das auditorías en canto a súa clasificación e accións correctoras. Os resultados da inspección comunicaranse a través do correspondente informe de inspección cuxo formato é o PE 01 # 10 *Modelo de informe de inspección*.

Galicia Calidade, S.A.U. C.I.F.: A-15 522 212 Inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, Tomo 1711, da Sección Xeral, folio 134, folia C-15034

6. - REXISTROS

Informe de visita previa
Plan de auditoría
Follas de achados
Informe auditoría
Informe de inspección
Accións correctivas

GALICIA CALIDADE, S.A.U. é responsábel de custodiar e garantir a confidencialidade da información neles contida.

